



CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E O CONCELLO DE MONTERREI PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS NO MARCO DO PROXECTO PAISACTIVO - PAISAXES CORTALUME: ACTIVACIÓN DO ESPAZO RURAL PARA UN TERRITORIO RESILIENTE

Na data da sinatura electrónica.

REUNIDOS

Dunha parte, María José Gómez Rodríguez, conselleira do Medio Rural, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 73, do 14 de abril), na súa condición de presidenta da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, CIF Q1500273F, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, e no uso das facultades delegadas atribuídas no Acordo do Consello de Dirección da Axencia do 21 de xullo de 2021 (DOG núm. 148, do 4 de agosto).

Doutra parte, José Luis Suárez Martínez, como alcalde do Concello de Monterrei, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ambas as partes teñen plena capacidade para asinar este convenio e,

EXPOÑEN

PRIMEIRO. O proxecto PAISACTIVO (Paisaxes cortalume: activación do espazo rural para un territorio resiliente) ten como obxectivo específico favorecer a adaptación ao cambio climático e a prevención de riscos de catástrofes, así como a resiliencia, tendo en conta os enfoques baseados nos ecosistemas. Para a consecución deste obxectivo, o proxecto contempla diversas medidas dirixidas á adaptación ao cambio climático e á prevención e xestión de riscos relacionados co clima, incluídas as accións de sensibilización, a protección civil, os sistemas e infraestruturas de xestión de catástrofes e os enfoques ecosistémicos. Este proxecto cuxos socios son a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, a Comunidade Intermunicipal do Támega e Sousa, a Universidade de Santiago de Compostela, a Fundación Juana de Vega, o Municipio de Baião, a Facultade de Letras da Universidade do Porto, a





Direção-Geral do Território e o concello de Monterrei, busca aumentar a resiliencia do territorio fronte ao risco de incendios mediante a valorización e mellora da xestión sustentable das terras agroforestais á vez que se protexen e dinamizan os asentamentos rurais, promovendo a súa sustentabilidade.

A área de intervención do proxecto (Galicia-Norte de Portugal) afronta un progresivo abandono do espazo rural que incrementa a súa vulnerabilidade fronte aos grandes incendios forestais e a un risco crecente para os asentamentos humanos, en particular as aldeas.

Existen varios factores que conflúen e aumentan esta problemática:

- A perda de poboación
- A contracción do sector primario coa case desaparición do pastoreo.
- A fragmentación da propiedade cun alto grao de absentismo e de propiedade descoñecida que dificulta a implantación de novas iniciativas de aproveitamento activo do territorio.
- Condicións bioclimáticas favorables á produción de biomasa.

O proxecto PAISACTIVO aborda esa problemática desde unha perspectiva territorial e holística asumindo que os incendios son o síntoma de retos socioeconómicos e ambientais de maior calado que ao mesmo tempo esconden oportunidades de futuro. O proxecto persegue reducir a vulnerabilidade do territorio fronte ao risco de incendios a través da valorización e mellora da xestión sostible das terras agroforestais á vez que se protexen e dinamizan os asentamentos rurais.

Para acadar os obxectivos citados realízanse actividades en tres grandes eixos:

1. Mellorar e innovar, a partir do co-aprendizaxe e o intercambio de experiencias no Ecosistema Transfronteirizo, os instrumentos para a xestión activa do espazo rural, en particular aqueles para recuperar as terras abandonadas superando as barreiras fundiarias (sobre todo da Lei de Recuperación de Terra Agraria de Galicia e o Programa de Transformação da Paisagem), así como capacitar os equipos técnicos e outros actores crave na súa planificación e execución.

2. Fomentar a implantación e desenvolvemento de Proxectos Territoriais Modelo (PTM), actuacións integrais de dinamización a escala paisaxe, incluíndo as aldeas e a súa contorna, os diferentes axentes e as diferentes dimensións produtiva, social e ambiental, para a mellora da resiliencia e protección fronte aos incendios a través do aproveitamento e valorización agroforestal e a transición cara a aldeas resilientes e sostibles. A área de intervención de PAISACTIVO corresponde ás NUTS III de Ourense, Pontevedra e Tâmega e Sousa, prevendo dúas zonas piloto situadas nos municipios de Baião en Tâmega e Sousa e Monterrei en Ourense.





3. Asegurar a difusión espacial e temporal e a cooperación futura destes novos modelos, impulsando a colaboración en rede e a integración das novas xeracións.

SEGUNDO. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, (en adiante, Axencia), con CIF Q-1500273F, creouse pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG núm. 251, do 29.12.2000).

O artigo 6 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, dispón que é *"a axencia pública autonómica, de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, coa consideración de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento a través, entre outras, das medidas de recuperación da terra agroforestal de Galicia reguladas na propia lei"*.

As súas funcións e competencias están previstas no Decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aproba o seu Regulamento, e actos modificativos posteriores (artigo segundo da Lei 12/2008, do 3 de decembro, pola que se modifican a Lei 7/1996, do 10 de xullo, de desenvolvemento comarcal, e a Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, e se racionalizan os instrumentos de xestión comarcal e de desenvolvemento rural; apartado dous da disposición derradeira terceira da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas; e artigo 7 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia).

No marco do proxecto PAISACTIVO correspóndelle á Axencia poñer en marcha actuacións para a recuperación da terra agraria mediante unha planificación da paisaxe agraria que permita crear ecosistemas con capacidade de recuperación fronte a perturbacións como son os grandes incendios, para o que realizará unha zonificación de usos que evite a desestruturación da paisaxe ou a súa homoxeneización e a continuidade de masas arborizadas que poida supoñer un risco de incendio. As actuacións a realizar teñen como obxectivo favorecer o necesario equilibrio entre o aproveitamento da terra conforme a súa mellor aptitude e o respecto aos valores paisaxísticos presentes.

TERCEIRO. No concello de Monterrei atópase a aldea de Infesta que forma parte dun programa da Xunta de Galicia destinado a revitalizar terras agrícolas abandonadas co fin de previr incendios forestais e evitar o despoboamento e que emana da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia aprobada no ano 2021. Neste contexto, o proxecto PAISACTIVO contempla a elaboración dun Proxecto Territorial Modelo específico para a aldea de Infesta





do cal se derivan as actuacións de intervención paisaxística e urbana detalladas en apartados posteriores do presente convenio.

Esta zona foi escollida polo elevado número de terras abandonadas, co conseguinte risco de incendios, polo seu valor patrimonial, xa que está atravesada polo Camiño de Santiago, así como pola elevada implicación dos veciños e o concello posta de manifesto tanto na agrupación de parcelas, como nas labores de desbroce e preparación para o seu uso produtivo como na constitución dunha comunidade enerxética local, o que evidencia a visión de futuro da aldea e o interese en impulsar novas actividades e proxectos.

Coa participación no proxecto o concello de Monterrei dá resposta a dous obxectivos principais: por unha banda adquirir competencias e formación para propietarios, técnicos etc., así como obter as ferramentas que lle permitan a mellora da xestión dos recursos endóxenos do territorio, de maneira que no futuro contribúan a mellorar a súa valorización e a fixar poboación nas aldeas e, por outra banda favorecer a resiliencia das aldeas fronte á secuela dos incendios, levada á práctica en Infesta, potenciando a extrapolación da aprendizaxe de PAISACTIVO ao resto de aldeas do municipio, conseguindo unha paisaxe activa e resiliente fronte aos desafíos, do cambio climático, en especial fronte aos incendios.

En consecuencia, as partes asinan este convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexe a cooperación entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o concello de Monterrei para executar as intervencións sinaladas na cláusula segunda.

SEGUNDA. Intervencións a realizar

As intervencións previstas a realizar no concello de Monterrei, recollidas no plan de actuación no borrador do Proxecto Territorial Modelo (PTM) para a zona piloto: área da aldea de Infesta en Monterrei (E.3.3do proxecto), son as seguintes:

1. Restauración e mellora paisaxística.
As actuacións propostas son:
 - Mellora de camiño paralelo a río Rubín
2. Intervencións para a habilitación e mellora da multifuncionalidade de espazos públicos.
As actuacións propostas son:





- Construción de dúas pontes sobre o río Albarellos
- Mellora de firme/pavimentación de vía principal e praza do Campo
- Humanización e acondicionamento da marxe do río Rubín

3. Rehabilitación e renovación urbana da aldea de Infesta.

As actuacións propostas son:

- Soterramento de liña eléctrica aérea de alumado público
- Rehabilitación e humanización na praza da Fonte

As actuacións a realizar en cada unha das intervencións poderán ser substituídas por outras que teñan cabida dentro da correspondente intervención no marco do Proxecto Territorial Modelo elaborado ao abeiro do proxecto PAISACTIVO, sen que isto implique unha alteración do obxecto do convenio. As actuacións alternativas serán acordadas pola comisión de seguimento e, en ningún caso supoñerán un incremento do orzamento máximo previsto para o obxecto do convenio.

TERCEIRA. Obrigas das partes

1. Da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

- Realizar as intervencións previstas na cláusula segunda con cargo aos seus orzamentos, correspondéndolle en exclusiva a súa licitación ou encargo, a tramitación e a dirección. A execución das obras realizarase baixo o réximen de cooperación previsto no Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan determinadas condicións da execución de obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais ou outros entes de dereito público.
- Achegar un importe máximo de 258.987,08 € para o financiamento das actuacións (244.327,43 + 14.659,65 Gastos Xerais (6%) = 258.987,08 €).

A diferenza entre o importe anterior e o que resulte do proceso de licitación ou encargo quedará a disposición da Axencia, sen prexuízo das modificacións que sexan necesarias que en ningún caso poderán superar o importe máximo de 258.987,08 €.

2. Do concello de Monterrei

- Poñer a disposición, libres de cargas e gravames, os terreos necesarios para a normal execución das obras
- Acreditar a efectiva dispoñibilidade dos terreos e a adecuación das obras á normativa urbanística
- Achegar os permisos e autorizacións legalmente esixidos para executar as obras
- Renunciar expresamente a reter calquera tipo de tributo con motivo das obras.





- Levar a cabo todas as xestións técnicas e administrativas no concello que sexan necesarias para o desenvolvemento das actuacións.
- Asumir a explotación, mantemento e conservación das obras, unha vez recepcionadas provisionalmente.
- Manifestar expresamente o compromiso de que a obra non se someterá a ningunha modificación importante desde a súa entrega ata que se cumpra o prazo establecido no proxecto, que impide modificacións importantes nos cinco anos seguintes.
- Asumir todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido polo dito concello

CUARTA. Financiamento

O gasto total das actuacións previstas na cláusula segunda é de douscentos cincuenta e oito mil novecentos oitenta e sete euros con oito céntimos (258.987,08 €) que están cofinanciados con fondos Interreg POCTEP con cargo á aplicación 15.A1 712A 604.1, proxecto 2024-00011 (Paisactivo), coa seguinte distribución por anualidades:

- 2025: 77.696,12 € (30% do orzamento)
- 2026: 181.290,96 € (70% do orzamento)

QUINTA. Entrega das obras

O artigo 65 (Durabilidade das operacións) do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados dispón que *"O Estado membro reembolsará a contribución dos Fondos a operacións que comprendan investimentos en infraestruturas ou investimentos produtivas se, nos cinco anos seguintes ao pago final ao beneficiario ou no prazo establecido nas normas sobre axudas estatais, en caso de ser aplicables, a operación de que se trate se atopa en calquera das circunstancias seguintes:*

- a) o cesamento ou a transferencia dunha actividade produtiva fóra da rexión de nivel NUTS 2 na que recibiu axuda;*
- b) un cambio na propiedade dun elemento de infraestruturas que proporcione a unha empresa ou a un organismo público unha vantaxe indebida;*
- c) un cambio substancial que afecte á natureza, os obxectivos ou as condicións de execución da operación, de modo que se menoscaben os seus obxectivos orixinais".*





Unha vez recepcionadas as obras pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, esta deberá poñelo en coñecemento do concello, determinando esta comunicación o nacemento das obrigas de explotación, mantemento e conservación por parte do concello, sen prexuízo da formalización da correspondente acta de entrega unha vez finalizado o período de cinco anos establecido no artigo 65 de Regulamento (UE) 2021/1060.

SEXTA. Natureza xurídica e Xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, quedando excluído do ámbito de aplicación do Texto refundido da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar, segundo o artigo 4 da citada lei. Réxese polas súas cláusulas e, no seu defecto, polas normas xerais do dereito administrativo e, en particular, pola seguinte normativa:

- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de normas reguladoras da Administración Local de Galicia
- Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan determinadas condicións da execución de obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais ou outros entes de dereito público

As dúbidas e controversias que poidan xurdir na aplicación deste convenio e que non fosen resultas pola Comisión de seguimento resolveranse polas normas aplicables en dereito e serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

SÉTIMA. Vixencia

O período de vixencia deste convenio será de catro anos dende a súa sinatura.

En calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia, os asinantes poden acordar unánimemente a prórroga por un período de ata catro anos adicionais.

OITAVA. Modificación do convenio

As modificacións formalizaranse mediante "addenda" cos mesmos requisitos e condicións esixidos para a sinatura do convenio.





NOVENA. Extinción do convenio

Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- O mutuo acordo das partes
- A imposibilidade da execución das actuacións previstas no convenio
- O incumprimento das cláusulas do convenio. Neste caso, calquera das partes poderá remitir á parte que incumpra un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento resolverase o convenio. A resolución do convenio por esta causa dará lugar á indemnización dos compromisos económicos orixinados á parte contraria ata a data de notificación do requirimento.

DÉCIMA. Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constitúese unha comisión de seguimento que estará integrada polas seguintes persoas:

- Por parte da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural:
 - a persoa titular da Subdirección de Promoción Internacional e Rural Intelixente
 - a persoa titular da Secretaría Xeral
- Por parte do Concello de Monterrei:
 - A persoa titular da Secretaría Xeral
 - O responsable técnico do proxecto

Así mesmo poderán asistir ás reunións da comisión de seguimento as persoas con coñecementos especializados segundo os temas a tratar.

Esta Comisión terá as seguintes funcións:

- Resolver os problemas e controversias que poida suscitar o convenio na súa execución.
- Garantir o desenvolvemento normal dos compromisos asumidos.
- Servir de canle para a cooperación institucional entre as partes
- Acordar a realizacións de actuacións alternativas dentro de cada intervención en caso de imposibilidade de execución dalgunha delas





DÉCIMO PRIMEIRA. Protección de datos de carácter persoal

As partes están obrigadas a cumprir coas normas sobre a protección de datos de carácter persoal, en concreto, co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, no Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/45/CE e na normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DÉCIMO SEGUNDA. Publicidade e rexistro do Convenio

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para incluír e facer públicos os datos persoais e o resto de especificacións que consten no convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro)

As partes asinantes consenten que se remita o convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia de conformidade co disposto no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149, do 3 de agosto) en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

DÉCIMO TERCEIRA.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse de xeito electrónico coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o





interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

E en proba de conformidade, asíñase o presente convenio no lugar e data que figura no mesmo.

Pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
María José Gómez Rodríguez
(P.D. Acordo do Consello de
Dirección do 21.07.2021)
Presidenta da Axencia Galega
de Desenvolvemento Rural

Polo Concello de Monterrei

José Luis Suárez Martínez

